



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE NOVEMBRO DE 2013.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas do día vinte e dous de outubro do ano dous mil trece, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quórum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Miguel Angel Español Otero**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 27 de setembro e 25 de outubro de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

#### **PUNTO 2.- ACORDOS**

Dáse conta da providencia dictada polo Tribunal Constitucional, inadmitindo o recurso de amparo contra o auto e a sentenza de 24 de xaneiro de 2013 da Sala do contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, entablado polo concello e a Entidade Unifamiliares de Bouzas, así como do informe xurídico.

A Xunta de Goberno acorda darse por informada e pasala a urbanismo.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, desestimatoria do recurso de reposición formulado por Prefabricados Luis Barros SL, contra a resolución da alcaldía de 12/02/2013, así como do informe xurídico.

A Xunta de Goberno acorda darse por informada e pasala a urbanismo.

Lese o escrito RE 6158 de 12/11/2013, presentado polo CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, solicitando autorización de uso do Pavillón Escolar polo equipo de fútbol sala Glasgow, que xa conta coa autorización do Consello Escolar.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

Dáse conta do escrito RE 5851 de 28/10/2013, presentado por ARCO BAIXO MIÑO, con domicilio na rúa Cal 14, bloq 4, 3ª A, solicitando autorización para levar a cabo unha Feira de Artesanía de Nadal na Alameda da Guarda os días 22 e 23 de decembro.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

Dáse conta do escrito RE 6159 de 12/11/2013 presentado por Dª CONSUELO ÁLVAREZ SOBRINO, domiciliada na rúa Roda nº 57, en recurso de reposición contra a denegación da súa solicitude de bonificación de taxas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe dos Servizos Sociais acorda rexeitar este recurso, denegación que se comunicará a interesada xunto co informe dos Servizos Sociais.

Lese o escrito R.E. nº 4756 de data 04/09/2013 presentado por Dª. M.G.G., con enderezo na rúa Castiñeira nº 41 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Castiñeira nº 41

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito R.E. nº 5030 de data 18/09/2013 presentado por Dª. D.M.G.S., con enderezo na rúa Diego A Glez. 10 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Diego A. González nº 10.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito R.E. nº 4731 de data 03/09/2013 presentado por D. D.R.F., con enderezo na rúa Galicia nº 54, 2º B da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Galicia nº 54, 2º B.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito R.E. nº 5671 de data 18/10/2013 presentado por Dª. C.G.M., con enderezo na rúa Pozas nº 39 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Pozas nº 39.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito R.E. nº 4716 de data 02/09/2013 presentado por Dª. M.A.R., con enderezo na 1ª Trav. Malteses nº 5 da Guarda, solicitando a baixa no conservatorio da súa filla e a devolución do pagado de matrícula.

A Xunta de Goberno Local, visto os informes da Traballadora Social do Concello e da Directora do Conservatorio, acorda acceder ao solicitado.

Visto o erro producido nas cotas que debían pagar os usuarios do SAD e que se aprobaron na Xunta de Goberno correspondente ó 9 de outubro de 2013, dáse conta das cotas, unha vez corrixido o erro, que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de SETEMBRO de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 832,86 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de OUTUBRO de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 962,36 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de OUTUBRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dáse conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 21 de outubro de 2013
C.G.V.	8 h/mensuais

Dáse conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 28 de outubro de 2013
M.G.L.	21 h/mensuais

Dáse conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 28 de outubro de 2013
H.M.P.	21 h/mensuais

Lese o escrito RE 5839 data 28 de outubro de 2013, presentado por D<sup>a</sup>. CONSUELO CASTRO LOMBA, con enderezo na rúa Puerto Rico nº 52, bj, da Guarda, solicitando a anulación dos recibos de auga referentes ó 1º e 2º trimestre de 2013 e a emisión doutros novos pola media ponderada xa que a avaría produciuse nun lugar imposible de detectar.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda que se lle anulen os recibos do 1º e 2º trimestre do 2013, e se lle emitan uns novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 5838 de 28/10/2013 presentado por D. GENEROSO AMEAL PACHECO, con domicilio en Rosentes-Judela nº 16, solicitando entrada carruaxes para o baixo da rúa Concepción Arenal nº 71.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local, acorda acceder ó solicitado, comunicando ós servizos de obras do concello que procedan ó rebaixe da beirarrúa.

Dáse conta do escrito RE 5937 de 31/10/2013, remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural comunicando a incoación de procedemento sancionador á empresa “Alexandre Miguel Fernández Barbosa, Compra y Venta de Madera”, como responsable da corta de arbores e abandono dos restos así como danos e estragos nas pistas forestais e apertura de pista sen contar coa preceptiva autorización.

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Lese escrito RE 6187 de 13/11/2013 presentado pola Federación de Asociaciones Provinciales de Empresarios de Salas de Fiesta, Baile y Discotecas de Galicia, propoñendo ó concello a aprobación duna Plan de seguridade Navideño para evitar actividades de carácter festivo sen autorización municipal.

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Dáse conta do escrito RE 5833 de 25/10/2013 remitido por SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente) comunicando que no proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia inclúese unha disposición na que se establece a contía do canon unitario para o ano 2014 de 74,64 euros sen iva, por tonelada de residuos municipais a partir do 1 de xaneiro de 2014.

A Xunta de goberno local, dáse por informada e mostra o seu rexeitamento frontal a esa medida, dando traslado deste acordo a Sogama.

Visto o escrito RE 5626 de 16/10/2013, presentado por SIMÓN UBEIRA ACUÑA con domicilio na rúa Colon nº 2, de A Guarda, no que comunica a cesión da actividade do Centro Social Fuscalho na rúa Colon 2.

Xunta de Goberno Local acorda inadmitir este escrito, posto que non consta a existencia de autorización algunha a ese nome para ese local.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **PUNTO 3.- OBRAS MENORES**

---

#### **Asiste o funcionario do Concello D. Jose M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez**

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

**A D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN PENA ALONSO, R.E. Nº. 5.554 DE DATA 14 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DO PORTO Nº. 17 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 42,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUÍR A TELLA DO PAIS EXISTENTE POR OUTRA NOVA SOBRE FIBROCEMENTO ACTUAL, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DO PORTO Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A D. ANTONIO PENA ALONSO, R.E. Nº. 5.555 DE DATA 14 DE OUTUBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DO PORTO Nº. 2 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARACIÓN DE FILTRACIÓNS DE CAEIRO CON MOVEMENTO DE ALEIRO E RECONSTRUCCIÓN DO MESMO, E RECRECIDO DE MORTERO E COLOCACIÓN DE PAVIMENTO EN DORMITORIO NUNHA SUPERFICIE DE 18,00 M<sup>2</sup>., DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DO PORTO Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A D. AGUSTIN MOREIRA GRACIA, R.E. Nº. 11.794.082-G, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 3-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 134,64 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA CERÁMICA EXISTENTE; COLOCACIÓN DE TABLEIRO CERÁMICO DE 3 CMS. E CUBERTO CON TELLA PLANA ALICANTINA, SITA NA RÚA DE CARRETERA O MOLINO Nº. 15, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**A D<sup>a</sup>. MARÍA VICTORIA MAZA DE LIZANA DOMÍNGUEZ, R.E. N<sup>o</sup>. 4.031 DE DTA 18 DE XULLO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ROSALIA DE CASTRO N<sup>o</sup>. 1-3<sup>o</sup> C DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA DE COCIÑA E BAÑO CONSISTENTE EN REALIZAR NOVAS INSTALACIÓNS DE FONTANERÍA E ELECTRICIDADE, COLOCACIÓN DE AZULEXOS NAS PAREDES E PLAQUETA DE GRES NO CHAN E PINTAR TEITOS E PAREDES DE DORMITORIOS, NA VIVENDA SITA NA RÚA DE OLIVA N<sup>o</sup>. 24-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 5 DO P.X.O.U.).**

**A COMUNIDADE DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE A GUARDA, R.E. N<sup>o</sup>. 4.866 DE DATA 9 DE SETEMBRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL LOMBA N<sup>o</sup>. 9-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780 (APDO. CORREOS 161), PARA LIMPEZA DE VEXETACIÓN E POSTERIOR RECHEO DE OCOS EXISTENTES DAS ANTIGUAS CANTEIRAS, SITAS NO LUGAR DE “AS LOUCENZAS” E “BAZAR”, EN SOLO RÚSTICO COMÚN (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 8 DO P.X.O.U.).**

### **PUNTO 4.- PROXECTO DE EXECUCIÓN**

---

Lese o escrito RE 6135 de data 11 de novembro de de 2013, presentado por D<sup>a</sup>. ANA ALVAREZ PRIEGO, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Julian López n<sup>o</sup> 11, 2<sup>o</sup>, de A Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución para construción de vivenda unifamiliar sita na rúa de Casas s/n para unir ao expediente de licenzia urbanística concedida no seu día co número 71/2013 para construción de vivenda unifamiliar desenvolvida en (planta soto e planta baixa) sita na rúa de Casas s/n, en solo non urbanizable de núcleo rural de “Rosentes” da parroquia de Salcidos (Ordenanza n<sup>o</sup>. 9-B area de tolerancia do P.X.O.U.).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 14 de novembro de 2013, acorda acceder ó solicitado.

### **PUNTO 5.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE APERTURA**

---

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS, R.E. N<sup>o</sup> 5.621 DE DATA 16 DE OUTUBRO DE 2013 no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE DE RESTAURANTE UN TENEDOR, (Epígrafe 671.5), para o local sito na rúa Donantes de Sangre, n<sup>o</sup> 26, baixo deste termo municipal, e



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

**CONSIDERANDO:** Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades análogas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA** :

**PRIMEIRO:** Informar favorablemente a licenza de actividade solicitada por **MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ CARABELOS, PARA ACTIVIDADE DE RESTAURANTE UN TENEDOR, (Epígrafe 671.5),** no local sito na rúa Donantes de Sangre, nº 26, deste termo municipal.

**SEGUNDO :** Dadas as características da actividade que se pretende, propóñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

**TERCEIRO:** Dar traslado do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

### **PUNTO 6.- INFORMES URBANÍSTICOS**

---

Visto o escrito RE 5754 de 23/10/2013 presentado por D<sup>a</sup> **MARÍA RITA CADILLA RODRÍGUEZ,** domiciliada na Avda. Fernández Albor nº 5 de A Guarda, solicitando información urbanística dos solares da súa propiedade situados na rúa Malteses nº 19 e 21 de A Guarda, a Xunta de Goberno Local acorda darlle traslado do informe xurídico elaborado ó respecto.

### **PUNTO 7.- LICENCIAS APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D<sup>a</sup>. **ANA MERCEDES CARBALLIDO CRESPO (RE 5613 de 16/10/2013)** para a apertura dun local dedicado á actividade de **COMERCIO MENOR PRENDAS VESTIR E TOCADO (EPIG. 651.2)** situado na rúa Galicia, nº 56, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, **ACORDA** :





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Conceder a D<sup>a</sup>. ANA MERCEDES CARBALLIDO CRESPO (RE 5613 de 16/10/2013) licencia municipal nº 27/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS VESTIR E TOCADO (EPIG. 651.2) situado na rúa Galicia, nº 56, baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. JOSE MANUEL BERRECOSO COIMBRA (RE 5933 de 31/10/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de CARPINTERÍA E CERRALLERIA, (Exposición e Venda), Epígrafe 505.5, situado na rúa Galicia, nº 16, baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSE MANUEL BERRECOSO COIMBRA (RE 5933 de 31/10/2013) licencia municipal nº 28/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de CARPINTERÍA E CERRALLERIA, Epígrafe 505.5, (Exposición e Venda), situado na rúa Galicia, nº 16, baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PERCAMINO (RE 2991 de 05/06/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de CENTRO CULTURAL E SOCIAL situado na Praza dos Seixiños nº 2.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PERCAMINO (RE 2991 de 05/06/2013) licencia municipal nº 29/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de CENTRO CULTURAL E SOCIAL situado na Praza dos Seixiños nº 2, baixo de A Guarda.

### **PUNTO 8.- LICENCIAS APERTURA-CAMBIO TITULAR**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por **ÁLVAREZ GONZÁLEZ C.B.** (R.E. 5977 de 04/11/2013), para o local dedicado a actividade de **CAFETERÍA** (Epíg.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

672.3), situado na Rúa Manuel Álvarez nº 2, baixo que antes figuraba a nome de GALAICO EXTREMEÑA HOSTELERA S.L.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA :

Conceder a **ÁLVAREZ GONZÁLEZ C.B.** cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de Galaico Extremeña Hostelera S.L., para a actividade de **CAFETERÍA** (Epíg. 672.3), situada na Rúa Manuel Álvarez nº 2 de A Guarda.

*Sendo as trece do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*